PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: APROBACIÓN MASA SALARIAL 2026 PERSOAL LABORAL DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL

EXPTE. GESTDOC.: 2059/2026

ANTECEDENTES

Desde a Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL (en diante Augas de Ames) Local (EPEL), e en cumprimento do artigo 17 dos estatutos de Augas de Ames EPEL, estanse a elaborar os orzamentos estimativos de explotación e capital do exercicio 2026 que detallen os recursos e dotacións previstos, co contido e forma que estableza en cada momento a normativa en materia de réxime local.

Como entidade pública empresarial local dependente do Concello de Ames, integra o sector público local e está suxeita á normativa básica estatal en materia de persoal e control do gasto público.

De conformidade co disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a masa salarial do persoal laboral dos entes dependentes das entidades locais deberá ser aprobada anualmente, dentro dos límites establecidos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado correspondente a cada exercicio.

A masa salarial comprende o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais devengadas polo persoal laboral durante o exercicio anterior, incrementadas, de ser o caso, conforme aos criterios e límites establecidos pola normativa orzamentaria vixente para o exercicio 2026.

Consta no expediente o Cadro detallado dos importes e desglose da masa salarial correspondente ao exercicio 2026, coa plantilla vixente e as previsións orzamentarias da entidade de acordo coa normativa aplicable.

NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
POSTO DE TRABALLO: Presidente Augas de Ames EPEL
DATA DE SINATURA: 06/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CA08122C6095D3489A

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la sede electrónica municipal

Por todo o exposto, esta Presidencia, PROPÓN ao Consello de Administración a adopción dos seguintes ACORDOS nos termos que figuran no expediente e de conformidade coa normativa vixente.

PRIMEIRO.- Aprobar e remitir ao Concello de Ames para a súa aprobación definitiva a masa salarial do persoal laboral da Entidade publica empresarial Augas de Ames EPEL para o exercicio 2026, por un importe de 584.349,99 €.

AUGAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026	
MASA SALARIAL TOTAL 2026	
CONCEPTO	**IMPORTE (€)**
RETRIBUCIÓNS SALARIAIS	570.349,99
NEGOCIACIÓN PROMOCIÓN PROFESIONAL	3.000,00
NEGOCIACIÓN CONVENIO COLECTIVO	10.000,00
FORMACIÓN	1.000,00
TOTAL	**584.349,99**

SEGUNDO.- Facultar ao presidente e á xerente de Augas de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para mellor execución do acordado nos puntos anteriores.

Ames, na data da sinatura dixital

José Blas García Piñeiro
Presidente da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL

NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
POSTO DE TRABALLO: Presidente Augas de Ames EPEL
DATA DE SINATURA: 06/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CA08122C6095D3489A

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal